



Concurso de Traballos por Proxectos 2024/25

Código: 36014738	Centro: CEIP Plurilingüe de Leirado
Provincia : Pontevedra	Localidade: Salvaterra de Miño



Imos facer historia:
aprender do pasado,
comprender o presente e
construír o futuro

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO CURSO 2024-25 CEIP DE LEIRADO (Salvaterra de Miño)

1.- INTRODUCCIÓN

No curso 2024-2025 continuamos desenvolvendo algunha das liñas de traballo e obxectivos do actual Proxecto Lector de Centro.

A experiencia dos pasados cursos en que fomos avanzando no traballo con proxectos e tarefas integradas foi moi satisfactoria en canto á motivación do alumnado e profesorado.

O “aprender facendo”, avaliando o que facemos e como o facemos, é un modelo centrado nas competencias clave e no desempeño do alumnado, no que nos seguimos formando no noso PFPP, xunto coa implementación da aprendizaxe cooperativa, o DUA e os Polos Creativos.

Tamén vemos necesario fomentar no alumnado e comunidade educativa intereses de tipo cultural fronte á presión social doutro tipo de intereses que consideramos menos educativos. Por todas estas razóns plantexamos un novo proxecto documental integrado, esta vez baseado na historia, que titulamos: **“Imos facer historia: Aprendendo do pasado, comprendendo o presente e construíndo o futuro.”**

Redactamos os seguintes obxectivos xerais do proxecto:

- Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.
- Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.
- Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.
- Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.

- Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.
- Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.
- Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.
- Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.
- Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.
- Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.

- Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.
- Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.
- Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

O desenvolvemento de todas competencias a través das tarefas e actividades:

- CCL e CP, a través dos procesos de traballo con textos de tipoloxía diversa, lecturas, conversas, creación escrita e oral...
- CPSAA, desenvolvendo estratexias para seleccionar a información, interpretala, e comunicala de diversos xeitos, aportando creatividade, con actitudes éticas e responsables.
- CCEC, valorando aportacións de persoas expertas da nosa comunidade ou fóra dela e desenvolvendo unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do ambiente.
- STEM, interpretando e calculando datos e gráficas, utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía...
- CE, deseñando e levando adiante ideas e proxectos propios.

- CD, utilizando dispositivos tecnolóxicos para informarse e para comunicar, realización de produtos dixitais como presentacións, infografías, podcast ,vídeos...
- CC, desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030. Traballando en equipo.

En todos os niveis o proxecto abarca moitos contidos das distintas áreas. Diseñáronse tarefas integradas en todas as titorías empregando titoría compartida, e dentro delas as actividades necesarias para chegar a un produto final. Como sempre ocorre, os intereses xerados no desenvolvemento fixo que xurdiran outras actividades nas titorías, aula de música e aula de inglés.

Integráronse no proxecto os obxectivos do equipo de Biblioteca, TIC, EDLG e Actividades Complementarias, mantendo reunións conxuntas de coordinadoras con xefatura de estudos unha vez ao mes. O profesorado de cada nivel ou materia mediante docencia compartida buscou e seleccionou os criterios de avaliación para cada tarefa e os instrumentos de avaliación a aplicar.

No proxecto participou todo o profesorado e alumnado do centro.

2.- OBXECTO E TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN

A temática xeral foi a historia: as súas etapas, evolución das temáticas elixidas (construcións, oficios, alimentación, arte, etc.) Traballar coa escritura e análise de texto. Búsqueda de información e desenvolvemento do sentido crítico. Elaboración de cartelería, maquetas, vídeos, exposicións orais e escritas e distintos produtos finais.

3.- PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Comezamos deseñando un proxecto mínimo viable dende a Biblioteca, que presentamos e modificamos na reunión de coordinadoras. Estas liñas básicas foron as que se incluíron na Programación Xeral Anual. Posteriormente nas reunións co resto do profesorado engadíronse outras ideas, modificando, ampliando e enriquecendo este deseño básico, por exemplo coa integración formacións que precisabamos e co Entroido, que deu lugar a outra tarefa integrada.

Na comisión de Biblioteca no Consello Escolar propuxemos buscar posibles expertos que puidesen vir ao centro, a falar e conversar co alumnado do seu traballo e as súas experiencias.

O equipo TIC abriu un blog (*imosfacerhistoria.blogspot.com*) para as comunicacións do proxecto dende as aulas e onde o alumnado puidese tamén ver e ler os traballos que se ían facendo. Contamos ademais coa revista e radio escolar, canles habituais na escola que coordina o EDLG. Seleccionamos libros da nosa Biblioteca e recursos web.

Así chegamos ao deseño completo do proxecto. Só quedaba darllo a coñecer ao alumnado e comunidade educativa e poñer en marcha o motor da motivación. Na primeira semana de outubro a biblioteca abriu as súas portas converténdose nunha máquina do tempo que ao cruzala nos levou a prehistoria, onde unha cova e unha fogueira nos esperaban xunto cunha mensaxe de Pacho solicitando axuda. Era a “primeira misión” do noso proxecto. Comezamos!

IMOS FACER HISTORIA: aprender, comprender e construír (aprendendo do pasado, comprendendo o presente e construíndo o futuro)



OBXECTIVOS XERAIS

- Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.
- Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.
- Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.
- Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.
- Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.
- Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.
- Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.
- Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.
- Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.
- Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.
- Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.
- Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.



- Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.
- Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.
- Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.
- Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.
- Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

COMPETENCIAS

CCL-CP	A través dos procesos de traballo con textos de tipoloxía diversa, lecturas, conversas, creación escrita e oral...
CPSAA	Desenvolvendo estratexias para seleccionar a información, interpretala, e comunicala de diversos xeitos, aportando creatividade, con actitudes éticas e responsables.
CCEC	Valorando aportacións de persoas expertas da nosa comunidade ou fóra dela. Desenvolvendo unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do ambiente.
STEM	Interpretando e calculando datos e gráficas, utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía...
CE	Deseñando e levando adiante ideas e proxectos propios.
CD	Utilizando dispositivos tecnolóxicos para informarse e para comunicar, realización de produtos dixitais como presentacións, infografías, podcast ,vídeos...
CC	Desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.Traballando en equipo.

DESEÑO BÁSICO DO DESENVOLVEMENTO

1º trimestre

Temporaliza ción	Contidos	Tarefas/actividades	Produtos
Setembro Primeiros 15 días de outubro.	• Introducción. • Motivación.	Cartel de benvida o primeiro día de clase. Durante a primeira semana de outubro a radio escolar emitirá música instrumental e cancións de distintas épocas históricas. O 9 e 10 de outubro o alumnado entrará a través da máquina do tempo na	Esquemas, mapas conceptuais... cos contidos que traballará cada curso.



		biblioteca que estará ambientada con obxectos, personaxes, lugares, ferramentas, mensaxes que relatan diferentes acontecementos de diferentes etapas históricas... A mascota da biblio convidará aos diferentes grupos a investigar sobre unha etapa determinada e comezaremos a investigar o que nos propón.	
Outubro. Novembro.	Imos a aprender historia: Grandes etapas da historia: • Era dos dinosauros • Prehistoria: Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais. • Idade antiga (Exipto, Roma e Grecia). • Idade Media. • Idade Moderna. • Idade Contemporánea.	Coñecer nocións básicas da época elixida (principais acontecementos, personaxes, lugares...). Investigación tendo en conta estes contidos. Preparamos as nosas investigacións e os recursos que se empregarán. Preparamos na liña do tempo a etapa histórica elixida. <u>Unha etapa por curso.</u>	• Exposición oral utilizando recursos variados: paneis explicativos, presentacións dixitais, maquetas... Liña do tempo colaborativa coas aportacións de todo o centro.
Final de novembro.	Exposición oral de coñecementos. Construción dunha liña do tempo colaborativa.	Compartimos o aprendido: Expoñemos e compartimos as nosas aprendizaxes.	
Decembro.	Tradicións relacionadas coas distintas etapas da historia.	Danzas, tradicións, contos, lendas, música... relacionadas con distintas épocas históricas. FESTIVAL.	
2º trimestre			
Temporaliza ción	Contidos	Tarefas/actividades	Produtos
Xaneiro. Febreiro. Marzo.	Investigar un tema dos seguintes e a súa evolución ao longo das distintas etapas da historia. • Descubrimentos e inventos. • Estilo de vida: alimentación,	Coñecer en profundidade o tema elixido e a súa evolución do longo das distintas etapas. Investigación e preparación da exposición do aprendido. Evolución do papel da muller ao longo da historia. Elaboración de vestuario de distintas épocas. Elaboración de receitas con	• Cartelería, maquetas, collage, vídeos informativos vestuario de época, • Liña do tempo: seguimos completando a



	saúde e hixiene. • Agricultura e gandería. • Sociedade. • Conflitos bélicos. • Arquitectura, construcións... • Arte (pintura, escultura...). • Vestimenta • Literatura. • Oficios. • Comunicación. • Medios de transporte. • Música, baile, danza, rituais.... • Deportes. • Estereotipos Búsqueda de información. Aplicación das aprendizaxes adquiridas para a exposición do traballado en stands nos corredores do centro: cartelería, maquetas, collage, vídeos informativos... Preparación de preguntas para a asistencia de público aos distintos stands.	produtos característicos de cada época histórica. <u>Un tema por curso.</u>	liña do tempo colaborativa con aportacións de todo o centro. • Preparación do stand. • Exposición de traballos. Receitas.
Final de trimestre.		Compartimos o aprendido? Exposición, radio, folletos, cartelería, maquetas, collage, vídeos informativos, vestuario de época...	
3º trimestre			
Temporalización	Contidos	Tarefas/actividades	Produtos
Abril. Maio.	Producións cinematográficas: 8 pequenos documentais por aula sobre a evolución do tema elixido en cada unha das distintas épocas históricas (mini	Produción e montaxe das producións cinematográficas/documentais.	Proxectos documentais. Festival.



	producción por época).		
Finais de maio e xuño	Documental colaborativo. Exposición final, con grupos interniveis. Cada curso terá expertos en cada etapa explicando a evolución do tema elixido no 2º trimestre. Facer unha máquina do tempo na entrada do cole e un circuíto para que as familias visiten por orde as diferentes etapas da historia.	Elaboración dun documental colaborativo formado polas producións de cada tema ao longo da historia. Elaboración de carteis publicitarios. Elaboración de posdcast publicitarios. Convertemos o centro nun museo da historia. Conversión das aulas en etapas históricas. Distribución de tarefas entre o alumnado: épocas históricas, postos informativos...	Documental. Museo de historia. Programas de radio. Carteis publicitarios. Podcast. Artigos para a revista. Preparación de postos informativos, prensa, expertos... para o evento final.
Ao longo do curso	Charlas con expertos a través de distintos medios. Charlas con algunha familia experta. Saídas: Castro de San Cibrao de Lás, Castelo de Sobroso e Allariz. Museo de Pontevedra e museo de Pontearreas?... O FUTURO: Obxectivos da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible: auga limpa e saneamento (obxectivo 6); enerxía asequible e non contaminante (obxectivo 7); industria, innovación e infraestruturas (obxectivo 9); produción e consumo responsable (obxectivo 12); acción polo clima (obxectivo 13); vida submarina (obxectivo 14); vida de ecosistemas (obxectivo 15)...		
Datas conmemorativas a relacionar co proxecto	• Magosto e Samaín (30 de outubro): Evolución e orixe desta festividade • 10 de decembro: Día da declaración universal dos Dereitos Humanos (englobando o Día Universal da Infancia, a conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia e o Día Internacional das persoas con discapacidade) • Nadal: Danzas, tradicións, contos, lendas, música... relacionadas con distintas épocas históricas. • Entroido: Elaboración de vestuario de distintas épocas. • 8 de marzo: Día internacional da Muller. Evolución do papel da muller ao longo da historia. • 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente a través de retos contidos no obxectivos da Axenda 2030.		
Outras datas conmemorativas	• Complementarias: Día Internacional da violencia de xénero (25 de novembro) e Día escolar da non violencia e da paz (30 de xaneiro). • Biblioteca: 24 de outubro (Día Internacional das Bibliotecas) e semana do 23 de abril (Semana do libro). • EDLG: Semana das Letras Galegas (17 de maio). • Departamento de Orientación: Día Mundial da Síndrome de Down o 21 de marzo e Día Mundial de Concienciación sobre o autismo o 2 de abril. • Equipo ACAE: Día Internacional contra o Acoso Escolar o 2 de maio. - Aula: Semana da prensa e resto de conmemoracións.		



Fin de curso: gran produto final	Festival de cine: Museo de historia de Leirado.
--	---

4.- DOCUMENTACIÓN ELABORADA

- [Plantilla básica para programación das tarefas integradas.](#)
- [Formulario de avaliación do desenvolvemento.](#)
- Selección de recursos web en taboleiros coma Symbaloo.
- [Selección de libros.](#)
- [Murais coa información dos traballos.](#)
- [Ambientación das distintas salas do museo.](#)
- [Carteis das exposicións.](#)
- Podcast anunciando as exposicións.
- Guías e instrucións dos traballos.
- Tarxetas para a actividade da exposición.
- Información sobre códigos QR.

Documentación elaborada polo e para profesorado e alumnado.

5.- TAREFAS REALIZADAS

Mural de ideas previas Viaxamos no tempo	Na primeira semana de outubro ábrese as portas da biblioteca convertidas nunha máquina do tempo. A mascota da biblioteca Pacho invítanos a facer unha viaxe polo pasado cun baúl cheo de obxectos e unha mensaxe.
Conmemoracións: Conmemoracións	O alumnado gravou un programa de radio con diferentes seccións, cada unha delas falando dunha conmemoración do mes de decembro: Día da discapacidade, Os dereitos humanos, Día mundial da infancia e estatuto de autonomía.
Tarefa integrada 1º trimestre: Exposicións sobre a etapa elixida en cada curso.	A idade dos dinosaurios (6º E. Infantil). A Prehistoria (4ºe 5º E. Infantil). A idade antiga: O imperio romano (1º EP). A idade antiga: Exipto (2º EP). A idade antiga : Grecia (3º EP).



Exposicións	A Idade Media (4º EP). A Idade Moderna (5º EP). A Idade Contemporánea (6º EP).
Biblioteca creativa Chroma	O alumnado empregou durante a investigación os ordenadores da biblioteca para buscar a información sobre as diferentes etapas históricas e gravou un vídeo utilizando o chroma para as diferentes salas do museo.
Conmemoración día da Paz Día da Paz	O alumnado maior do centro fixo un repaso pola historia destacando as persoas que máis loitaron pola paz no mundo. Creouse unha caixa de correos con cartas cheas de mensaxes de paz.
Día internacional da muller. Visita.	Recibimos a visita dunha antiga alumna experta na evolución do papel da muller ao longo da historia.
Tarefas integradas do 2º trimestre: Obradoiro internivel de disfraces Obradoiro disfraces Expertos históricos Expertos Liña do tempo Liña do tempo	Organizáronse obradoiros interniveis, onde o alumnado maior axudou ao máis cativo na elaboración dos disfraces para o entroido. Todo o alumnado e profesorado acabou satisfeito co traballo sobre todo disfrutaron co proceso: estudo das distintas vestimentas ao longo da historia e posterior elaboración. Cada curso elixiu un tema para estudalo nas diferentes etapas históricas e así ver a súa evolución (construcións, vestimenta, oficios, arte, etc.). Coas investigacións dos “expertos históricos” elaboramos unha liña do tempo polos corredores do centro.
Visita ao Museo de Pontevedra: Visita	Visitamos o Museo de Pontevedra onde o alumnado puido desfrutar das distintas salas e os diferentes obradoiros.
Formación de polos creativos: Formación	Asesoramento ao profesorado e alumnado sobre o uso da cortadora láser e impresora 3D.
Radio escolar Radio escolar	As Lérias de Leirado emitíuse todos os venres. Estes programas estaban dirixidos polo alumnado voluntario onde nos informaban sobre distintos temas relacionados co proxecto, conmemoracións, aniversarios, saídas.
Obradoiros nos recreos. Obradoiros	No terceiro trimestre, durante os recreos, na biblioteca realizáronse diversos obradoiros relacionados coas diferentes etapas históricas.
Biblioteca creativa: Teares	O alumnado realizou na roboteca argalleira teares seguindo os fíos como na antiga idade Media.
Expertos Cantareiras	Tivemos a visita de Palmira, unha cantareira que nos contou como era a vida das mulleres daquela época e como se foi transmitindo o seu legado as novas xeracións.
Letras Galegas Letras Galegas	Todo o centro preparou actuacións: teatro, cancións, bailes, recitados e utilizou a impresora 3D para facer unhas pandeiretas para conmemorar este día.
Tarefa integrada 3º trimestre: Gravación: Sabías que? Vídeo	Todo o alumnado gravou un vídeo contando curiosidades das diferentes etapas históricas: Buscou información sobre o tema elixido (oficios, vestimenta, construcións, etc...). A continuación elaborou os guións para practicar e gravou no chroma. Por último editou o vídeo no ordenador.
Traballos de preparación para a exposición final Decoración aulas	Preparación das diferentes aulas con todos os materiais elaborados para transformalas en salas dun museo facendo un percorrido polas diferentes etapas históricas.
Cartelería Anuncio	Elaboración de carteis e invitacións feitas polo alumnado para convidar as familias a visitar as diferentes salas do museo.



Outros traballos na revista escolar	Mitloxía, curiosidades das diferentes etapas históricas, arte, literatura...
Museo de Leirado <u>Exposición final</u>	O colexio converteuse nun museo cheo de historia onde os visitantes cruzan por unha máquina do tempo que transporta aos visitantes ao pasado.

6.-RECURSOS E FONTES CONSULTADAS

Utilizouse a impresora 3D para facer accesorios dos disfraces e obxectos das diferentes etapas para a exposición final. A cortadora láser foi moi útil para a cartelería. Usamos ordenadores para facer as investigacións, os guións, esquemas, etc. Usáronse a cámara dixital, tablets, pizarra dixital, Chroma e trípodes para realizar os vídeos da actividade “Sabías que?”. Utilizamos tamén diferentes aplicacións de edicións de vídeo. A máquina de coser foi de utilidade para a elaboración dos disfraces de entroido. A radio escolar utilizouse para podcast e programas de radio, bancos de música e efectos libres de dereitos. Películas educativas sobre a historia. Libros sobre distintas etapas históricas. Utilizáronse tamén instrumentos de medida e debuxo. Expositores metálicos con rodas e dous cabaletes facilitaron desprazar a información ao lugar desexado.

Utilizáronse os recursos de información na web, máis os que figuran na bibliografía da revista escolar e nas presentacións dixitais. Ademais os libros da nosa Biblioteca.

Traballamos tamén facendo lectura nas aulas e coas familias, para pensar, conversar ou crear con eles.

Algúns dos libros son os seguintes:

Antiguo Egipto, 100 cosas que deberías saber, Walker Jane. Ed. Susaeta.
La Prehistoria, Gallimard Jeunesse. Ed. Boadilla del Monte.
Mi gran libro de respuestas, dinosaurios. Ed. Planeta.
La loca historia de la humanidad: la antigua Roma, Alex López. Ed. Montena.
Antigua Grecia, Javier Alonso López. Ed. Shackleton.
Los caballeros, Sibylle Rieckhoff. Ed. SM.
El misterio de Tuntakamón. Sally Morgan. Ed. Boadilla del Monte.

Historia, Olivia Brookes. Edt Libsa.
Mi pequeña historia del mundo, Bertrand Fichou. Edt SM
Mitologías del mundo, Ana Alonso. Edt Anaya.
Os bolechas, historia de Galicia, Pepe Carreiro. Edt. Bolanda

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Todo o profesorado foi partícipe deste proxecto, traballando co alumnado, apoiando, organizando, etc. A dirección do centro tamén colaborou organizando a saída e o evento final, contactando coa prensa e xestionando co Concello a axuda e coordinando coa ANPA as actividades previstas. As familias implicáronse co proxecto participando nas propostas que se lle fixeron, e acudiron a visitar a exposición “**Imos facer historia**” amosando interese e escoitando ao alumnado. Elaborouse un vídeo co resumo desta xornada. [Exposición final proxecto](#).

8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS

Os traballos publicáronse no blog do proxecto durante o curso e tamén foise dando conta do seu desenvolvemento no Instagram, Facebook e blog da Biblioteca. Entregouse un exemplar da revista escolar a cada familia e tamén na Biblioteca Municipal.

O alumnado elaborou as invitacións onde se incluían os horarios das visitas as diferentes salas do museo e as distribuiron pola contorna.

- **Blog do proxecto:** <https://imosfacerhistoria.blogspot.com/>
- **Blog da Biblioteca:** <https://abibliodeleirado.blogspot.com/>
- **Páxina web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipleirado>
- **Facebook:** https://www.facebook.com/bibliotecadeleirado.ceipdeleirado/?locale=es_ES
- **Instagram :** <https://www.instagram.com/ceipleirado/p/DJew63Tolpk>

Tamén utilizouse a aplicación ABALAR para informar ás familias de todas as actividades e conmemoracións relacionadas co noso proxecto e para enviar as invitacións.

9.- AVALIACIÓN

O profesorado avaliou o grao de consecución dos obxectivos xerais do proxecto e máis o desenvolvemento do mesmo a través das distintas reunións e postas en común das coordinadoras de equipos e das reunións e posta en común de coordinadoras e resto do profesorado.

Nas propostas de mellora destaca a importancia de respectar as temporalizacións programadas, do contrario é difícil rematar as tarefas con éxito, e de definir estruturas cooperativas para o traballo coas TIC. Tamén se destaca que a medida que avanza o proxecto xorden novas ideas e intereses que ás veces non da tempo de levar a cabo.

Para avaliar ao alumnado tivemos en conta os criterios de avaliación seleccionados previamente e utilizamos diferentes instrumentos de avaliación das súas producións: observación no desenvolvemento, rúbricas e listaxes de cotexo (algúns de elaboración propia, outros recollidos na rede).

10.- BIBLIOTECA

Dende a Biblioteca Escolar plantexouse o deseño básico do proxecto e coordinouse o seu desenvolvemento.

Na biblioteca escolar estaban expostos os libros seleccionados e foi lugar de traballo en momentos de busca de información ou préstamos dos fondos. Tamén foi lugar de encontro nas exposicións orais, lecturas coas familias, encontros con autores e autoras, entrevistas, exposicións, visita de expertos e expertas, exposicións e obradoiros relacionados co proxecto.